

ROF		
EXPEDIENTE	Sesión ordinaria do Pleno do Concello 29.12.2011	Ref. 20/2011
TRÁMITE	Acta	

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO 29 DE DECEMBRO DE 2011

No salón de Actos do Pazo de Mos, sendo as 18:00 horas do día 29 de decembro de 2011, reúnese o Pleno deste Concello, en primeira convocatoria, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a Nidia María Arévalo Gómez, có fin de celebrar sesión ordinaria segundo a orde do día fixado por Resolución da Alcaldía e notificado aos Srs. Concelleiros.

Asisten os seguintes Srs. Concelleiros:

D. Óscar Soto Abadín
D^a. Julia Loureiro Campo
D. Alberto Méndez Lago
D. José Luis Alonso Seijo
D^a. M^a Raquel Monzón Otero
D. Cándido Pérez Rodríguez
D^a. Sara M^a Cebreiro Alonso
D. Camilo Augusto Martínez
D. Isidoro José Táboas Moldes
D^a. María Jesús Escudero Lago
D. Tomás García Morgadas
D. Alfonso Parada Fernández
D^a. Delfina Rodríguez Lorenzo
D^a. Patricia Pérez Ucha
D. Miguel Anxo Aldea Moscoso
D^a. M^a del Carmen Vila Blanco

Secretario Acctal.

Víctor Rodríguez Pérez

Interventor

Sergio Rodríguez Pérez

1. Aprobación borrador acta sesión anterior (24 de novembro de 2011).

Iníciase a sesión someténdose á aprobación dos membros corporativos, as acta da sesión celebrada con data 24 de novembro de 2011, ao abeiro do sinalado no artigo 91.1º do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non habendo alegacións a acta, procedese a votación ordinaria, aprobándose por unanimidade dos

membros presentes.

2. Valoración postos de traballo e modificacións na RPT.

O **Secretario** comeza este punto da orde do día indicando que sometida a consideración da Comisión Informativa a proposta de valoración de postos de traballo e modificación da RPT foi dictaminada favorablemente.

Toma a palabra o **Sr. Parada Fernández** que comeza a rolda de intervencións felicitando o persoal laboral fixo do Concello de Mos que consolidou como persoal funcionario.

Tamén comenta que se consigna nos presupostos a aportación que fai o concello para pagar a nómina do orientador laboral e segundo él debería aparecer no epígrafe de ingresos a aportación da Xunta e no de gastos o custe total do posto.

No tocante ó recentemente creado departamento de participación cidadá di que no novo presuposto segue sen ter consignada partida presupuestaria.

E por último di que na praza de servizo de emerxencias non encontra ningunha modificación na RPT.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa somete a proposta a votación ordinaria, e por maioría por 10 votos a favor (10 do grupo municipal do Partido Popular), e 7 abstencións (5 do grupo municipal do PSdG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a seguinte modificación da Relación de Postos de Traballo do Concello de Mos, a incluír no Anexo de Persoal dos orzamentos municipais para o exercicio 2012:

1º.- Transformar a praza de Coordinador de obras e servizos do Departamento de Obras e Servizos en **Oficial 2ª L/F**

2º.- Crear a praza de **Orientador/a Laboral** no Departamento de Educación e Desenvolvemento Local, coas seguintes características:

DESCRIPCIÓN POSTO DE TRABALLO	ORIENTADOR/A LABORAL	SUBESCALA: TÉCNICA.ADMINISTRACIÓN XERAL.Grupo A2
<p>Responsabilidades xerais:</p> <ul style="list-style-type: none"> - As propias dun/una orientador/a laboral - Colaborar coas restantes asignadas ou asumidas polo Departamento de Educación e Desenvolvemento Local. 		

Tarefas máis significativas:

- Informar a cada usuario demandante de emprego acerca das actuacións que leva a cabo o Servizo Público de Emprego, directamente e a través dos seus centros colaboradores, así como pautas básicas sobre a situación do mercado laboral
- Tratamento da demanda de emprego, formulada perante o Servizo Público de Emprego de Galicia, mediante a revisión do curriculum vitae dos demandantes de emprego que se dirixan aos ditos centros. Esta acción comporta a realización dunha entrevista individual e personalizada, a comprobación e validez dos datos que contén o currículo e dos documentos acreditativos achegados polo usuario do servizo, a posterior codificación destes datos, e a súa introdución á base de datos do Servizo Público de Emprego. A entrevista ten por finalidade comprobar a adecuación dos datos do currículo coa relación de ocupacións a que opta o demandante de emprego e asesoralo sobre esta ocupación ou outras alternativas
- Renovación do currículo cando o solicite o demandante de emprego. Enténdese por renovación o mantemento do currículo dispoñible para o seu emparellamento.
- Modificación do currículo. Independentemente do establecido nos puntos anteriores, o demandante de emprego poderalle solicitar en calquera momento ao centro que introduciu o seu currículo ou fixo a última modificación nel a rectificación ou modificación dos datos contidos no seu currículo.
- Captación de ofertas de traballo. A tarefa da xestión de ofertas de traballo centrarase na captación de ofertas, a cal se concretará na realización das seguintes accións: posta en contacto co empregador, cubrir o impreso de captación de oferta, asinado polo empregador, onde aparecerá recollido o perfil profesional da/s vacante/s que se vaian cubrir, e remitir o dito impreso á oficina de emprego correspondente, a cal rematará a tramitación da dita oferta.

O resultado que arroxa é o seguinte para o COMPLEMENTO ESPECÍFICO:

FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
ESPECIAL DIFICULTADE TÉCNICA			148		
PENOSIDADE	25				
POR RESULTADOS OUTRAS PERSOAS		36			
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS OUTRAS PERSOAS				60	
PERIGOSIDADE		33			
ADICACIÓN			90		
INCOMPATIBILIDADE	8				

TOTAL: 406

O resultado que arroxa é o seguinte para o COMPLEMENTO DE DESTINO:

FACTOR	GRADO 1	GRADO 2	GRADO 3	GRADO 4	GRADO 5
TITULACIÓN OU FORMACIÓN BÁSICA					150
FORMACIÓN COMPLEMENTARIA			70		
POLOS RESULTADOS DE OUTRAS PERSOAS		28			
POR DIÑEIRO/CONTABILIDADE	6				
POR RELACIÓNS CON OUTRAS PERSOAS				70	
COMPETENCIA		83			
XEFATURA OU MANDO		65			
COMPLEX. TERRITORIAL		52			
COMPLEX. FUNCIONAL		52			

Total: 573

Proponse, pois, a seguinte valoración:
Orientador/a laboral.

- a. C.E: . 10.409,32 euros.
- b. C.D: . nivel 18

O novo posto encuádrase no grupo de clasificación A2 en función do grado de responsabilidade que asume, adaptándose así ao establecido na Lei 7/2007 do 12 de abril do Estatuto Básico do Empregado Público sen que elo supoña , non obstante, alteración ningunha respecto de outros postos que de conformidade có sinalado na DTª terceira de dita norma poda ser igualmente encadrados no grupo A2.

3.- Amortizar a praza de **Conserxe de mantemento** do Departamento de Educación (06.00.04).

4.- Crear unha praza de **Oficial de 2ª** de abastecementona Brigada de Obras, Mantemento de Instalacións e Servizos Viarios, pertencente ao Departamento de Obras e Servizos, coas condicións e características establecidas para os Oficiais de segunda na vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Mos, engadindo as seguintes funcións específicas:

- Mantemento e lectura de contadores
- Reparación de avarías de saneamento e abastecemento
- Outros traballos derivados do abastecemento

5.- Transformar o Tipo de todos os postos incluídos na Relación de Postos de Traballo como L/F (Laboral/Funcionario) en F (Funcionario).

6.- Transformar o Tipo de todos os postos incluídos na Relación de Postos de Traballo como L (Laboral) en L/F (Laboral/Funcionario).

SEGUNDO.- Someter a modificación proposta a exposición pública, previo anuncio de Boletín Oficial da Provincia, polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno.

TERCEIRO.- Una vez aprobada a relación de postos de traballo, remitir copia á Administración do Estado e autonómica, dentro del prazo de trinta días, sen prexuízo da súa publicación íntegra no *Boletín Oficial da Provincia*, xunto co resumo do Presuposto.

3. Nomeamento Xuíz de Paz substituto.

O Secretario da conta de que na Comisión Informativa de Persoal e Réxime Interior, celebrada o día 21 de decembro de 2011, dictaminouse favorablemente a seguinte proposta:

“Primeiro.- Elixir a D. ANDRÉS MIGUEL GIRÁLDEZ LEIRÓS con DNI Nº 35.976.321C para o seu nomeamento como xuíz de paz substituto do Concello de Mos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Xuíz Decano de Porriño, quen o elevará á Sala de Goberno do TSXG, de conformidade co disposto nos artigos 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.”

Abre o debate o Sr. Parada Fernández facendo referencia ó artigo 395 da Lei Orgánica 6/1985, e o art.16 do Regulamento 3/1995 que fala da incompatibilidade de postos, e di que a persoa proposta desempeña o posto de apoderado/interventor do partido popular en procesos electorais, polo que solicitarán de secretaría a tramitación da subsanación do expediente por parte do candidato, e se fose necesario o inicio dun novo proceso selectivo.

E remata dicindo que a postura do seu grupo político vai ser en contra mentres non se solventen os defectos.

O Sr. Aldea Moscoso intervén dicindo que segundo eles estase a cumprir a lei polo que o seu voto será a favor.

O Sr. Soto Abadín comenta que aínda que a persoa proposta actuara nalgún momento como apoderado/interventor non implica a súa afiliación a ningún partido político polo que o seu voto é a favor.

Rematadas as intervencións, a Sra. Alcaldesa somete a proposta a votación ordinaria, e por maioría por 12 votos a favor (10 do grupo municipal do Partido Popular e 2 do grupo municipal do BNG), e 5 votos en contra do grupo municipal do PSdG-PSOE, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou a seguinte **PROPOSTA**:

Primeiro.- Elixir a D. ANDRÉS MIGUEL GIRÁLDEZ LEIRÓS con DNI Nº 35.976.321C para o seu nomeamento como xuíz de paz substituto do Concello de Mos polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Xuíz Decano de Porriño, quen o elevará á Sala de Goberno do TSXG, de conformidade co disposto nos artigos 101.3 da Lei Orgánica 6/1985, de 1

de xullo, do Poder Xudicial e artigo 7 do Regulamento 3/1995, de 7 de xuño, dos Xuíces de Paz.

4. Designación membros Comisión Municipal de Deslindes.

O **Secretario** da conta de que na Comisión Informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o día 27 de decembro de 2011, foi dictaminado favorablemente o seguinte acordo:

“Primeiro.- Designar os concelleiros D. Óscar Soto Abadín, do grupo do PP, D. Tomás García Morgadas, do grupo do PSG-PSOE, e D. Miguel Anxo Aldea Moscoso, do grupo do BNG, membros da Comisión de Deslindes do Concello de Mos.”

Non habendo intervencións neste punto da orde do día, a Sra. Alcaldesa somete a votación ordinaria o acordo, e por unanimidade dos membros presentes, o Pleno adoptou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Designar os concelleiros D. Óscar Soto Abadín, do grupo do PP, D. Tomás García Morgadas, do grupo do PSG-PSOE, e D. Miguel Anxo Aldea Moscoso, do grupo do BNG, membros da Comisión de Deslindes do Concello de Mos.

A continuación acórdase tratar os puntos 5 e 6 da orde do día conxuntamente.

5. Desestimento na tramitación do expediente relativo ao “Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para equipamento sociosanitario”; e 6. Aprobación inicial do “Reformado de Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para equipamento sociosanitario”.

O **Secretario** da conta de que na Comisión Informativa de Urbanismo e Medio Ambiente, celebrada o día 21 de decembro de 2011, dictamináronse favorablemente as seguintes propostas:

“Primeiro.- Desestimento na tramitación do expediente relativo ao “Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para Equipamento Sociosanitario”.

Segundo.- Aprobación inicial do “Reformado do Plan Especial de Infraestructuras e Dotacións para Equipamento Sociosanitario””

Abre o debate o **Sr. Parada Fernández** comentando que a súa postura inicial de abstención se fundamentaba nos reparos da Comunidade de Montes que se posicionaba en contra como afectada, pero despois das modificacións propostas e das explicacións do técnico municipal a súa postura é a favor da aprobación inicial dos trámites.

O **Sr. Aldea Moscoso** explica que inicialmente votaran en contra xa que non se tiña falado ca Comunidade de Montes, e aínda que agora se mellorou o proxecto vanse a abster xa que segundo eles non se cumpriu a raxatabla o proxecto inicial.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa somete as propostas a votación ordinaria, e por maioría por 15 votos a favor (10 do grupo municipal do Partido Popular e 5 do grupo municipal do PSDG-PSOE) e 2 abstencións do grupo municipal do BNG, sendo dezasete o número legal de

membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Dar por terminado o procedemento de aprobación inicial do Plan de Infraestructuras e Dotacións para Equipamento Sociosanitario e incoado mediante acordo plenario de data 31 de outubro de 2011.

Segundo.- Aprobar inicialmente o Reformado de Plan de Infraestructuras e Dotacións para Equipamento Sociosanitario presentado con data 30 de novembro de 2011 e RE n.º 12.674 por Doral Residencia Gestión Sociosanitaria SL, e asinado polo arquitecto D. Pablo Rivas Caride Colexiado n.º 2.532.

Terceiro.- Someter o referido Plan a información pública durante un mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e en dous dos xornais de maior difusión na provincia.

Cuarto.- Notificar individualmente a todas as persoas propietarias dos terreos afectados, nos termos establecidos no artigo 86.1a) da LOUGA.

Quinto.- Solicitar das administracións públicas competentes os informes sectoriais que resulten preceptivos

Sexto.- Solicitar dos servizos técnicos e xurídicos municipais, unha vez cumpridos os trámites sinalados nas alíneas precedentes, informe respecto da conformidade do plan coa lexislación vixente e da calidade técnica da ordenación proxectada.

Séptimo.- Continuar o procedemento polos trámites legalmente previstos ata a súa aprobación definitiva, se procede.

7. Aprobación definitiva Ordenanza de Servizos de emerxencia.

O **Secretario** da conta de que na Comisión Informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o día 5 de decembro do 2011, dictaminouse favorablemente a seguinte proposta:

“- Se inclúan no texto da Ordenanza a alegación-proposta feita pola Alcaldía, e a alegación suxerida polo BNG.”

Toma a palabra o **Sr. Parada Fernández** que comenta que aínda que nun principio estaban a favor, o seu grupo político vai cambiar o seu voto, xa que a pesar das modificacións presentadas na ordenanza consideran que o servizo non se vai poder cobrar por falta de persoal, e ademais a persoa que desenvolve o posto ten funcións administrativas e de protección civil e en ningún caso labores de protección, salvamento, auxilio ou extinción de incendios, polo que segundo eles o desenvolvemento destas funcións podería provocar problemas legais para o Concello.

O **Sr. Aldea Moscoso** di que a postura do seu grupo político vai a ser a favor xa que a súa alegación foi aceptada e incluso mellorada pola proposta da Alcaldía.

O **Sr. Soto Abadín** comenta que lamenta a postura en contra do Partido Socialista, e que o partido popular votará a favor.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa somete a votación ordinaria a Ordenanza de Servizos de Emerxencia, con inclusión das alegacións presentadas polo BNG e Alcaldía, e por maioría por 12 votos a favor (10 do grupo municipal do Partido Popular e 2 do grupo municipal do BNG), e 5 votos en contra do grupo municipal do PSdG-PSOE, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou a seguinte **ORDENANZA**:

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DOS SERVIZOS EXTRAORDINARIOS EN MATERIA DE EMERXENCIAS, EXTINCIÓN DE INCENDIOS, RESCATE E SALVAMENTO.

Art. 1º.- Fundamento e natureza.

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1.985, do 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 42, polo que responderán solidariamente das obrigacións tributarias o suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas e artigo 43 polo que serán responsable subsidiarios os administradores das sociedades e os interventores ou liquidadores de concursos de quebras, sociedades e entidades en xeral, da Lei 58/2003.

1.- Constitúe o feito impositivo da taxa a prestación dos servizos municipais de Emerxencias, Extinción de Incendios, Rescate e Salvamento, nos casos de incendios e alarma dos mesmos, prevención de ruínas, tala de árbores, salvamentos e rescates, seguridade viaria e pública ou outros semellantes, ben sexa de oficio ou a requirimento de autoridades, sempre que a prestación do devandito servizo redunde en beneficio do suxeito pasivo.

2.- Non estará suxeito a esta taxa o servizo que se preste nos casos de calamidade ou catástrofe pública oficialmente declarada.

3.- Non estarán suxeitos a esta taxa os incendios en vivendas particulares, a salvo da existencia de seguro que dé cobertura ao sinistro.

Art. 3º.- Suxeito pasivo.

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que teñan a condición dos usuarios dos terreos sinistrados que fosen obxecto da prestación do servizo, entendendo por tales segundo os casos, os propietarios, usufructuarios, inquilinos e arrendatarios dos devanditos terreos, ou calquera outras persoas físicas ou xurídicas que fagan uso e goce dos terreos sinistrados, teñan ou non título civil ou administrativo que lexitime ou ampare ese uso e goce.

2.- Cando se trate de prestación de servizo de salvamento ou outros semellantes, será suxeito pasivo contribuínte a persoa física ou xurídica, ou as entidades sinaladas no artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que o solicita ou que se beneficie ou redunde no seu interese a intervención que constituía o feito impositivo.

3.- Terá a condición de substituto do contribuínte, no caso de prestación do servizo de extinción de incendios, salvamentos, rescates ou semellantes, a entidade ou sociedade aseguradora do risco.

Art. 4º.- Responsables.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas a que se refiren, os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán, responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 40 da Lei Xeral Tributaria.

Art. 5º.- Cota tributaria.

1.- A cota tributaria determinarase en función do número de efectivos, tanto persoais como materiais que se empreguen na prestación do servizo, o tempo investido neste e o percorrido efectuado polos vehículos que actúen.

2.- A cota tributaria será o resultado de aplicar á tarifa, que a continuación se sinala, a suma dos conceptos de persoal, material e desprazamento, constituirá o total da cota tributaria.

Art. 6º.- Tarifa.

1.- A tarifa a que se refire o artigo anterior, estruturarase nos seguintes epígrafes:

Epígrafe 1º, taxas:

Por intervención de vehículo autotanke, camión, equipo de rescate en:

Accidentes de tráfico	130,00 € / hora
Limpeza de calzada	130,00 € / hora
Incendio urbano	160,00 € / hora
Incendios forestal	26,75 € / hora
Incendio de vehículo	140,00 € / hora
Inundación	160,00 € / hora
Abastecemento de auga	26,27 € / hora
Xestión de emerxencia/outros	26,27 € / hora
Apertura de vivendas	26,27 € / servizo
Retirada de animais	26,27 € / servizo
Servizo programado (trámite)	16,27 € / servizo
Tirada de fogos artificiais	26,27 € / servizo

Estas taxas incrementaranse en 16,27€ por cada operario a maiores que actúe na intervención.

Epígrafe 2º, materias perigosas:

Na prestación de servizos onde haxa substancias tóxicas, inflamables, ou explosivas, incrementarase a cota resultante nun 50%.

Epígrafe 3º, documentación:

Por cada informe, xustificante ou outro tipo de documento, requirido aplicarase a tarifa de 16,27 € por unidade.

Art. 6º.- Devengo.

Se devengará a taxa e nace a obrigaón de contribuír cando abandoe o parque ou base de dotación, momento en que se inicia, para todos os efectos, a prestación do servizo.

Art. 7º.- Liquidación e ingreso.

De acordo cos datos que certifique o Servizo Municipal, os servizos tributarios do Concello practicarán a liquidación que corresponda, para a súa aprobación, que se notificará aos suxeitos pasivos ou substitutos legais, para ingreso en forma e prazos, establecidos na Lei Xeral Tributaria e Regulamento Xeral de Recadación.

Art. 8º.- Infraccións e sancións.

1.- En todo o relativo á cualificación das infraccións tributarias, así como ás sancións que as mesmas correspondan en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

Art. 9º.- Ámbito territorial.

1.- O ámbito territorial para a aplicación da presente ordenanza é o termo Municipal de Mos e restante lexislación tributaria aplicable.

2.- A prestación dos servizos aos que se refire a presente, poderá levarse a cabo fora do termo municipal de Mos, coa autorización específica da Alcaldesa-Presidente desta corporación, previa solicitude dun organismo oficial ou autoridade que requira a inmediata actuación dos servizos municipais.

Art. 10º.- Exencións e bonificacións.

Os suxeitos pasivos obrigados ó pagamento desta taxa poderán solicitar do Concello unha bonificación dun 50% na cota da mesma sempre que os ingresos da unidade familiar non superen, en cómputo anual, o salario mínimo interprofesional, e posúan un patrimonio inmobiliario con valor catastral igual ou menor a trinta e seis mil euros. Sendo o único ben patrimonial a vivenda propia, o seu valor catastral poderá superar esa cantidade.

2. As solicitudes de bonificación deberán aportar en todo caso:

Libro de familia.

Informe da Policía Municipal sobre as persoas que integran a unidade familiar.

Certificación de ingresos do solicitante e das persoas que convivan con el:

- Da empresa na que traballa

- Do INEM
- Da entidade pagadora de pensión ou haberes pasivos

No caso de non ter ningún dos ingresos mencionados é preciso unha certificación negativa dos Organismos competentes da Seguridade Social, na que se indique que as persoas interesadas non están incluídas nela, nin como traballadoras activas, nin como pensionistas ou beneficiarias do seguro de desemprego.

- Certificación da tributación por Imposto sobre Bens Inmóveis e Imposto sobre actividades económicas a nome dos interesados, especificando a clase de finca e a base imponible.
- Título de propiedade, contrato de aluguer (ou no seu defecto, os recibos), da vivenda que ocupan.
- Copia da última declaración do I.R.P.F.

3. As solicitudes serán tramitadas polo Servizos Sociais que deberá emitir informe favorable tras o exame dos documentos referidos e outros informes que se estimen oportunos. En todo caso estarase, en canto á emisión do preceptivo informe favorable, á posible vixencia dun seguro que ofrezca cobertura para o sinistro.

O expediente será tramitado individualmente e sometido a aprobación da Xunta de Goberno.

Os suxeitos pasivos que gocen de esta bonificación, deberán presentar declaración da variación de calquera dos requisitos que ocasionaron a súa concesión, sen perxuízo das revisións periódicas que ó efecto se leven a cabo polo Concello.

8. DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor o mesmo día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia e permanecerá en vigor até a súa modificación ou derogación expresa.

8. Aprobación Conta Xeral 2010.

O **Secretario** da conta de que a Conta Xeral correspondente ó ano 2010 foi dictaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o día 11 de outubro de 2011, e non habendo reclamacións na exposición pública, sométese ó pleno para a súa aprobación.

Abre o debate o **Sr. Parada Fernández** que fundamenta a abstención do seu grupo político pola presentación a última hora e non poder abrir debate político.

Non habendo máis intervencións, a Sra. Alcaldesa somete a votación ordinaria a Conta Xeral 2010, e por maioría por 10 votos á favor (10 do grupo municipal do Partido Popular), e 7 abstencións (5 do grupo municipal do PSdG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou o seguinte:

Primeiro.- Aprobación da Conta Xeral do Concello de Mos do ano 2010.

Antes do seguinte punto acórdase tratar o punto 9 e 10 da orde do día conxuntamente.

9. Orzamento xeral ordinario para o exercicio 2012; e 10. Plan de Saneamento financeiro 2012-2013.

O **Secretario** da conta de que na Comisión Informativa de Contas, Emprego, Economía e Patrimonio, celebrada o día 21 de decembro de 2011, dictamináronse favorablemente as seguintes propostas:

“Primeiro.- Se ditamine favorablemente o expediente de Orzamento Xeral Ordinario para o exercicio 2012.

Segundo.- Aprobación do Plan de Saneamento para o período 2012-2013.

Terceiro.- Dar traslado do mesmo á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas entidades Locais ou órgano competente autonómico.”

Toma a palabra o **Sr. Parada Fernández** dicindo que este orzamento tiña que estar entregado no mes de outubro, para poder cumprir cos prazos legais, e así entrar en vigor o 1 de xaneiro, xa que agora haberá que prorrogar os orzamentos actuais.

A continuación pasa a analizar os presupostos empezando polo informe económico financeiro, facendo mención a determinados aspectos deste, como que é practicamente idéntico ó presentado o ano pasado pola que no seu momento foi concelleira de economía.

Tamén comenta referente ó cadro de persoal que faltan dous postos de traballo correspondentes a dúas traballadoras do concello.

O **Interventor** contesta que no cadro de persoal si aparecen reflectidos estes gastos xa que están dotados economicamente.

A **Sra. Alcaldesa** intervén para dicir que estas preguntas de carácter técnico puideron consultalas con anterioridade.

O **Sr. Parada Fernández** pregunta que persoa ocupa o posto de conserxe- telefonista que deixou vacante a actual concelleira de educación.

Tamén di que comprobamos que non se cumprirá co presupostado en varias partidas, polo que segundo eles se debía axustar a previsión de ingresos para poder pagar algunhas das débedas.

No tocante os gastos detalla algunha das partidas e fai o rogo de que os contratos de mantemento con ASODIFISI e ACESCA se manteñan.

Así mesmo pregunta se hai algunha débeda ca Seguridade Social xa que se aumentou a partida sen aumentar o persoal.

E di que o orzamento presentado é para facerlle fronte a algunhas débedas, e que o que se presuposta non chega para pagar as débedas pendentes.

Reclama que non haxa axudas para o fomento da natalidade, ou que se reducirán as axudas para o pobo saharauí, ou o programa xantar na casa.

Tamén fai referencia a construción do pavillón do Castro que está parada, e propón volver renegociar ca Xunta mentres non se solucione o contencioso pendente polos lindes dos terreos.

A Sra. Alcaldesa contesta que lle corresponde a Deputación e non a Xunta.

O Sr. Parada Fernández continua ca súa intervención preguntando si está o día o pago do convenio do Pazo de Mos, e di que se podería suspender este convenio mentres dure a crise, e estes cartos poderíanse destinar a Arde o Pazo, a banda de música, a festa da Prehistoria e para o autobús ó centro de Saúde.

E xa para rematar di que a decisión do seu grupo político de non apoiar os presupostos está máis que fundamentada, aínda que sabe que se aprobarán.

O Sr. Aldea Moscoso comeza a súa intervención dicindo que o importante non é que se aproben os presupostos antes do 31 de decembro senón que se cumpran.

Tamén comenta que non é certo o que se di sobre que os catro orzamentos seguen a mesma liña de ingresos reais e gasto limitado. E que os orzamentos non están ben feitos, que se disparou o gasto deixando atrás a austeridade, e por Lei están obrigados a facer un plan de saneamento porque senón non poderían aprobar este orzamento.

A continuación pasa a detallar algunhas das partidas de gastos.

E para rematar a súa intervención di que está seguro que non se vai cumprir o orzamento porque non se fían do Partido Popular, por iso o seu grupo político non vai apoiar este orzamento.

O Sr. Soto Abadín intervén dicindo que o orzamento que se presenta é un orzamento austero para reducir a débeda municipal, no que non se inclúe ningunha operación de préstamo e incluso se van amortizar préstamos bancarios anteriores.

Tamén di que a vontade do equipo de goberno local é a de solventar a actual situación económica do Concello e volver a liquidar orzamentos con remanentes positivos na tesourería.

A continuación pasa a detallar algunha das partidas de gastos.

Por outra banda di que todos temos que poñer da nosa parte para sacar ó Concello da situación actual, polo que lamenta que o partido socialista e o bloque nacionalista galego non voten a favor dos presupostos.

A Sra. Monzón Otero intervén para aclarar que o motivo de aumentar algunhas das partidas non é para pagar facturas atrasadas senón porque o presupostado non chegaba para facer fronte os gastos reais, e a continuación pasa a detallar aquelas partidas que se aumentaron.

O Sr. Soto Abadín di que o Concello ten que priorizar nos gastos, e gastar o pouco diñeiro de que se dispón de maneira eficaz. E para rematar di que lle gustaría que os voceiros dos outros grupos políticos aportaran ideas e levalas a cabo na medida do posible.

O Sr. Parada Fernández volve a intervir para dicir que entende que se suban algunhas das partidas xa que o presupostado non era suficiente para facer fronte os gastos reais, pero que non apoian o criterio do partido popular para defender os presupostos e por iso o seu voto vai ser en contra, e pídenlle o goberno coherencia.

O Sr. Aldea Moscoso comenta que os últimos tres orzamentos os fixo o partido popular e que por iso estamos como estamos, e que non van a apoiar os orzamentos porque saben que o final van a aparecer facturas cas que non estarán de acordo como xa aconteceu en anos anteriores, por iso a súa postura é en contra.

A **Sra. Alcaldesa** rematadas as intervencións dos voceiros comenta que lle sorprende a posición dos membros da oposición, xa que nestes momentos deberían aportar propostas, pero non aportaron ningunha.

Así mesmo comenta que non entende que se fagan alusións ós salarios dos concelleiros e dela mesma, cando están dentro do normal e que sería bo que a FEGAM establecera os soldos dos políticos por lei, para así evitar as polémicas.

E di que ten o compromiso cos veciños de Mos de rebaixar a débeda acumulada por todos, nos próximos catro anos, e que segundo ela o presuposto presentado é o máis responsable para levalo a cabo, e poder garantir os servizos que precisa o Concello.

Tamén di que irán a Xunta, a Deputación e o Goberno Central a acadar tódalas subvencións posibles tal e como se fixo ata o de agora. Aínda que son conscientes de que os plans de inversións non van a ser como os anteriores porque as súas contas tampouco son boas.

Por todo elo presentan un orzamento onde axustan os ingresos, rebaixan os ingresos de tributos do estado e rebaixan a débeda.

E remata dicindo que o obxectivo é chegar ó final da lexislatura no ano 2015 con todo o saneamento de Mos instalado, apostar pola cantidade de persoas que están en desemprego, e levar a cabo o Plan Xeral. Polo que invita ós membros da oposición a que colaboren con eles para poder rebaixar a débeda.

Intervén a **Sra. Escudero Lago** no tocante os salarios, reclama que en momentos de crise no que se fala de austeridade a Alcaldesa se subira o soldo un 33% , polo que se alegra de que a FEGAM estea traballando para que os salarios dos políticos se establezan por lei.

A **Sra. Alcaldesa** rematado o debate somete a votación a aprobación do Orzamento Xeral para o ano 2012, aprobándose por maioría por 10 votos a favor (10 do grupo municipal do Partido Popular), e 7 votos en contra (5 do grupo municipal do PSdG-PSOE e 2 do grupo municipal do BNG), sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

A continuación sométese a votación a aprobación do Plan de Saneamento Financeiro 2012-2013, e por maioría por 10 votos a favor do grupo municipal do Partido Popular, 5 votos en contra do grupo municipal do PSdG-PSOE, e 2 abstencións do grupo municipal do BNG, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación, o Pleno adoptou as seguintes **PROPOSTAS**:

Primeiro.- Se ditamine favorablemente o expediente de Orzamento Xeral Ordinario para o exercicio 2012.

Segundo.- Aprobación do Plan de Saneamento para o período 2012-2013.

Terceiro.- Dar traslado do mesmo á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas entidades Locais ou órgano competente autonómico.

11. Expediente expropiatorio aos efectos de obter os bens e dereitos necesarios para a execución da obra “Plan especial de infraestructuras para a urbanización da área educativa e recreativa de Petelos”.

O Secretario da conta de que na Comisión Informativa de Contas, Emprego, Economía e

Patrimonio, celebrada o día 21 de decembro de 2011, dictaminouse favorablemente a seguinte proposta:

“Primeiro.- Aprobar a proposta de Convenio adxunto para cumprimento de pago do xustiprecio expropiatorio derivado do expediente tramitado no Concello de Mos aos efectos de obter os bens e dereitos necesarios para a execución da obra PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA A URBANIZACIÓN DA ÁREA EDUCATIVA E RECREATIVA DE PETELOS.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa do Concello para a sinatura do referido convenio e para cantos trámites sexan precisos para a execución do mesmo.”

Abre o debate o **Sr. Parada Fernández** que comenta que tratándose dunha resolución xudicial o seu posicionamento é a favor.

Non habendo máis intervencións a Sra. Alcaldesa somete a votación ordinaria a proposta, e por unanimidade dos membros presentes, o Pleno adoptou a seguinte **PROPOSTA**:

Primeiro.- Aprobar a proposta de Convenio adxunto para cumprimento de pago do xustiprecio expropiatorio derivado do expediente tramitado no Concello de Mos aos efectos de obter os bens e dereitos necesarios para a execución da obra PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS PARA A URBANIZACIÓN DA ÁREA EDUCATIVA E RECREATIVA DE PETELOS.

Segundo.- Facultar á Sra. Alcaldesa do Concello para a sinatura do referido convenio e para cantos trámites sexan precisos para a execución do mesmo.

12. Resolucións de Alcaldía.

Dáse por realizado o trámite.

13. Comunicacóns de Alcaldía.

Non se produce ningunha comunicacón por parte de Alcaldía.

14. Rogos e preguntas.

Comeza a quenda a **Sra. Escudero Lago** preguntando porqué non se celebrou o pleno infantil con motivo do día da constitución española, tal e como se viña facendo anos atrás.

A **Sra. Monzón Otero** contesta que non se fixo pola avaliación que se fixo do pleno infantil do ano pasado, xa que se politizou.

A **Sra. Escudero Lago** solicita que conste en acta o termo “politización” empregado pola concelleira, e que non está de acordo con isto xa que as preguntas que fixeron os nenos foron preparadas nas propias aulas.

Sra. Loureiro Campo intervéñ para aclarar que o que se politizou non foi o pleno infantil senón o pleno de mostra que fixeron os concelleiros antes.

O **Sr. García Morgadas** pregunta si lle puxeron nome a tódolos camiños.

A **Sra. Alcaldesa** contesta que xa se lle puxo nome a tódolos camiños, pero non se colocaron tódalas placas, e que se rematarán de colocar no mes de xaneiro.

O Sr. García Morgadas pregunta polo alumeado do Castro.

A Sra. Alcaldesa contesta que é unha obra da Consellería de Industria e segue sen funcionar porque aínda lle falta unha fase por colocar.

O Sr. García Morgadas reclama que na rotonda das Angustias haxa unha pedra para indicar o comezo do termo municipal de Mos que tal e como está colocada non se mira, e propón a idea de colocala sobre unha base.

A Sra. Alcaldesa contesta que xa leva anos nese lugar e que tomarán nota.

O Sr. García Morgadas pide que se retire un vertido que votaron cerca do cemiterio.

O Sr. Parada Fernández dille o Sr. Méndez Lago que hai que resolver o problema da curva do aeroporto na que hai deficiencias no pintado da estrada e que ademais está agravada porque nese punto non funciona o alumeado.

O Sr. Méndez Lago contesta que xa falou con Deputación dese tema e tamén lles pediu outros arranxos que eran necesarios, e que Deputación quedou de facelos pouco a pouco.

A Sra. Rodríguez Lorenzo pregunta polo problema que tiveron co rego na Casa Nova os do "Obradoiro Alfauca", porque escoitou que llo desfíxeran.

O Sr. Soto Abadín contesta que cree que está solucionado.

A Sra. Rodríguez Lorenzo pregunta si se fixeron os obradoiros do Nadal dos nenos.

A Sra. Monzón Otero contesta que non se levaron a cabo porque non se acadou o mínimo de participantes.

A Sra. Rodríguez Lorenzo pregunta polas notas de prensa que saíron sobre a programación de Nadal en Mos, xa que segundo ela algunhas non son certas.

A Sra. Monzón Otero contesta que inicialmente se lle enviou a prensa a programación de Nadal, e que eles foron publicándoas pouco a pouco.

A Sra. Rodríguez Lorenzo di que non lle parece correcto que se estea pagando por este servizo e que logo publiquen noticias que non son certas.

A Sra. Alcaldesa intervén para aclarar que nun principio enviouse a prensa a programación das Festas do Nadal, e si non se levou a cabo toda o programado para o Nadal foi porque o non ir subvencionados e ter un custe maior a xente non se anotou.

A Sra. Rodríguez Lorenzo tamén comenta que a concelleira lle contestou que a visita dos Reis polas parroquias se suspendeu por falta de cartos, e que lle sorprende, xa que vai no presuposto do próximo ano.

A Sra. Alcaldesa contesta que si non se fixo foi por reducir gastos, xa que este recorrido supuña un gasto de 4.000 ou 5.000 euros a máis encima do custe da cabalgata.

A Sra. Rodríguez Lorenzo di que no orzamento que se presentou as partidas que se incrementan son en órganos de goberno, motivado porque se van a facer máis comisións informativas, polo que propón que ou se fagan menos comisións ou se cobre unha si unha non.

A Sra. Alcaldesa contéstalle que o presuposto xa se debateu e que o voceiro que a representa xa intervú.

A Sra. Pérez Ucha pregunta si xa se acabou de pagar o das cabalgatas de Reis.

A Sra. Alcaldesa contesta que si.

A Sra. Pérez Ucha pregunta que obra están a facer ó lado da gasoleneira de Cela.

A Sra. Loureiro Campo contesta que solicitaron licenza para facer un punto limpo, pero non está concedida porque non está homologado como é debido, e os técnicos están a estudar o tema.

O Sr. Aldea Moscoso pide que se lles remita o listado de empresas que solicitaron acollerse a disposición transitoria 3ª, da que se falou nun pleno anterior, para legalizar as naves.

A Sra. Loureiro Campo contesta que o solicitaron 6 empresas.

O Sr. Aldea Moscoso solicita que llo dean por escrito. E tamén pregunta porque non se repararon os desperfectos do parque infantil de Petelos.

O Sr. Pérez Rodríguez contesta que se fará cargo a aseguradora da carpa que foi a que causou os danos.

O Sr. Aldea Moscoso pide que se estea pendente do asunto para evitar accidentes.

Así mesmo comenta que as luces do Cotiño están sempre acesas.

Roga que se arranxe o aparcamento do Colexio Castro Mos xa que está cheo de baches.

Por outra banda insta ó goberno a que lle diga o matadoiro de Louredo que se conecte o saneamento.

A Sra. Vila Blanco di que na explanada do aparcamento do Multiusos falta unha rexilla, e que recentemente un neno fixose un esguince ó metelo pé.


Tamén reclama que se incumpriu a programación do Nadal nalgunha igrexa, porque algún sacerdote non deixou levar a cabo as actuacións.

A Sra. Cebreiro Alonso contesta que nun principio se falou con eles e estaban de acordo cás actuacións e logo a raíz dun problema que houbo uns días antes na parroquia negouse a que actuaran.

A Sra. Vila Blanco para rematar comenta que no tocante ó tema do percorrido dos Reis polas parroquias, que antes de anunciar a programación se debía ter en conta o custe para ver si se pode facer e non anunciálo e logo anulalo.

A Sra. Cebreiro Alonso comenta que ó ver que era un gasto que se podía evitar, decidiuse non levalo a cabo.

Rematado o punto e non habendo máis asuntos que tratar, a Alcaldesa levantou a sesión sendo as vinte horas e catro minutos do vintenove de decembro de dous mil once, estendéndose a presente acta da que como secretario dou fe.

A Alcaldesa
Visto e preso

Nidia M. Arevalo Gómez

O Secretario Acctal

Víctor Rodríguez Pérez